



A buxaina



A REVISTA DO C.E.I.P. "PRÁCTICAS"

2

Número 12

Letras Galegas 2012

P
A
N
A
R
A
R
A
R
A
R





S
u
m
a
r
i
o

Sumario..... Páx. 2

EditorialPáx. 3

Infantil..... Páx. 4- 7

Celebramos..... Páx 7-11

Educ. Viaria..... Páx .11

Fixemos en Plástica.....Páx. 12-15

Co galego en inglés.....Páx 15-18

Contos, historias... Páx. 18

Especial Letras Galegas Páx. 21-35

As nosas coplas Páx. 35-39

Imos coñecer Ourense Páx. 39- 42

Máis contos, historias... Páx. 42- 48

Visitounos Páx. 48

Os meus libros Páx. 49-50



W E L C O M E T O X O R N A L

EDITORIAL

Nunha época na que o noso idioma esta a sufrir, quizais un dos momentos máis difíciles no seu camiñar para manter e., como non mellorar, o seu posto na sociedade galega actual, saímos, de novo con este xornal na súa defensa e para mellor apoio ao seu futuro.

Acompañamos este editorial cos primeiros parágrafos do manifesto das Letras Galegas 2012

Don Ramón Otero Pedraio, para loar o labor entusiasta da imprenta de Ánxel Casal e de María Miramontes, chamoulle a aquel obradoiro «pombeiro de voares de esperanza». Pombeiro de voares de esperanza! A frase era o tal, pois desde alí botaban a voar os libros que recollían o mellor do pensamento e da creación en galego. Aqueles non eran tempos doados, mais os azos dos homes e mulleres das Irmandades da Fala foron enchendo de luz as vilas e cidades de Galiza e conseguiron facer visible socialmente a lingua de nós.

Nesas persoas están as nosas raíces, somos elos dunha cadea que vén de lonxe. Rosalía de Castro e tanta outra xente que traballou pola recuperación e o prestixio da lingua e da cultura conforman o ADN onde nos debemos recoñecer. Un ADN que ten algúns tramos da dobre hélice especialmente fértiles, coma o das Irmandades, semente das ideas que hoxe constitúen a nosa cerna: Galiza, célula de universalidade. A vontade de sermos unha peza máis, en pé de igualdade, no mosaico mundial das culturas.



Infantil

C

E

L

E

B

R

A

M

O

S

...

O Día das Letras Galegas

O día das Letras Galegas....

Valentín Paz Andrade

Fixemos estas caricaturaaaas...





Así o vemos



OS PEQUENOS VENME ASÍ







Vimos aos Reis.....

Celebra-
mos a paz

Fixomos
e disfru-
tamos dp
magosto

E, como non,
pasámolo ben no
entroido






A PAZ





A Buxaina



ENTROIDO



MAGOSTO





EDUCACIÓN VIARIA

O 27 de febreiro deste ano fomos ás instalacións do Campo da Feira a realizar actividades de educación viaria, organizadas polo concello de Ourense.

Primeiro ensináronnos os sinais de tráfico do circuito que había alí, ao mesmo tempo que o percorríamos a pé. O circuito era moi longo e tiña moitos sinais.

Despois montamos en bicicleta e os nenos e nenas que non sabían andar nela ían en triciclo. A continuación conducimos un car por toda a pista, respectando os sinais, igual que antes fixeramos coas bicicletas e triciclos. Logo de dar varias voltas, tomamos a parva, xogamos e miramos para os compañeiros e compañeiras que aínda estaban circulando.



Máis tarde fomos a unha aula. Alí puxéronnos unha película que trataba de como había que cruzar a calzada e algunhas cousas máis sobre o que tiñamos que facer e o que non, ao camiñar polas rúas.

Pasámolo moi ben, divertímonos e aprendemos moito.

Natalia Quintela Rguez. 3º C



*iii Uffffffff!!!!,
tamén e en Plastica
eforzámonos e fixe-
mos, entre otros*





Uns oviños decorados





Uns lapiseiros e tamén circuitos





Co galego e en inglés

Busca no encruado 6 "palabras" en inglés (debaxo, entre, derriba, encima (tocando), debaixo, coiro).


a	b	y	z	c	d	e	f	g	h	i	o
j	n	k	e	o	t	h	z	r	r	o	e
f	e	p	r	r	t	u	k	e	j	r	t
t	a	s	b	e	h	i	n	d	i	k	z
u	r	r	c	f	j	g	z	h	a	z	e
o	z	p	o	r	u	i	n	k	n	r	e
x	e	e	n	m	t	z	o	e	z	o	r
w	a	e	d	f	y	a	r	o	e	f	f
z	x	f	y	f	e	x	e	d	c	d	e
y	k	o	u	n	d	e	r	j	e	h	e
u	e	z	x	y	z	i	y	j	h	f	f
i	n	z	z	n	n	o	p	f	r	s	t

Marcia Labor Sabucedo N°19-4°B



Describe as partes da casa en inglés:

Completa o encucillado cos días da semana EN INGLÉS



Completa cos nomes das partes da casa en inglés:



LUZ H²

Carata.

lrial



Busca nesta sopa de letras estas palabras en Inglés:

XABÓN	NOVE	ALIMENTO
PÉ	ENTRE	PAZ
DURMIR	REI	NÚMERO
BEIZOS	ENCIMA	PELO
ROCHA	ESTUDANTE	LIBRO

W I B U K I N G U L L E F S
I I E N A K I D C L W K C L
E S T U D E N T A O N T E E
S T W O T E E K E N E L E E
O P E A C E A F O O D E T P
S T E K I T A M A W K C O N
L I N H A I R T I M E C E I
L L U B E R I F E S I C E A
S T M A L K C O F O N E S T
A U B O O K C O T A K I W O
C C E I P R O T E P O W O A
E S R O C K I T E N L I P S
S P U B I N G T O K E T A L

Ana Freije Somaza 4ºB



Escribimos Con-
tos, historias,
fábulas, lendas,
poesías





Arturo, o "nero Rei Mago"

Como todos os primeiros días de clase despois do Nadal, o profesor foi preguntándolle aos nenos que lle trouxeron os Reis Magos.

Todos estaban desexando que chegara o seu turno menos Víctor, que tiña vergoña de dicilo. Finalmente, tocoulle saír á pizarra para dicir cales eran os seus agasallos. Avergoadado, explicou que o seu pai estaba enfermo e non podía ter nada porque non se podía permitir máis diñeiro. Ninguén lle deu importancia, ningún excepto o seu compañeiro Arturo, ao que lle deu moita mágoa.

Cando Arturo chegou á súa casa meditou sobre o que lle pasara a Víctor, e chegou a unha conclusión. Ao día seguinte, sen dicirlo a ningún, entregoulle os seus xoguetes ao director do colexio coa condición de que llos dira a Víctor e lle dixera que llos trouxeran os Reis ao colexio.

Cando Víctor tivo os seus agasallos, mirou a todos sorprendido, e decatouse de que Arturo era o único que miraba para os seus libros. Dende entón estivo lle eternamente agradecido.



Oscar Ocampo
Pérez
6.º A.



na Buxaina

Especial letras



Galegas 2012



A NOSA LITERATURA É UNHA SUMA DE

PAZ ANDRADE 2012

LOIS PEREIRO 2011

MARIA MARIÑO

J.M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

BLANCO TORRES

MURGUIA

RAMÓN PIÑEIRO

"XOCAS"

UXÍO NOVONEYRA

ELADIO RODRÍGUEZ

MANUEL LUGRIS

FREY MARTÍN SARMIENTO

LUIS SEGANE

RAFAEL DIESTE

FERRO COUSELO

ANXEL XOLE

AVILÉS DE TARAMUNDO

FRANCISCA HERRERA

ÁLVARO CUNQUEIRO

BOUZA DREY

LUIS PIMENTEL

LORENZO VARELA

OTERO PEDRAYO

XOÁN CANGAS, MARTÍN

BLANCO AMOR

CELSO EMILIO FERREIRO

CODAX E MENDIÑO

ANTÓN LOSADA

ALFONSO X O SABIO

VICENTE RISCO

AMADO CARBALLO

LÓPEZ FERREIRO

LAGO GONZALEZ

MANUEL ANTONIO

NORIEGA

VICENTE VIQUEIRA

VILAR PONTE

R. CABANILLAS

LAMAS CARVAJAL

CUEVILLAS

GONZALO LÓPEZ

DINTOS VILLAR

CURROS

VALLADARES

ROSALÍA

PONDAL

AÑÓN

AQUILINO IGLESIAS

CASTELAO

O MURO QUE SOSTEN A NOSA LINGUA

Letras

Galegas 12





A súa obra

Galegos meus irmáns
veño de ter co-a morte.
Sin o agardar una vez mais atopo
o ventureiro empalme con a vida.





A Buxaina

En 1936 foi desterrado a Verín pola súa axuda a cantos pode a pasar a Portugal. Nesa vila sofre un atentado que el recorda nestes versos



Aquela noite foi, aquela noite
A noite moura do Verín azul,
na que como un coello nas tooceiras
a tiros das pistolas azuadas
por una sô falanxe manexadas
entre as hortas traseiras do villar...
o albo fun dos tiros que racharon
a capa silandeira da desonra
sin ferrar no mortal

As pistolas da noite 1976





Biografía





A Buxaina

Fixen dereito en Santiago e licencieime en 1921

Mano Buxaina

Lugo

Pontevedra

Vigo

Ribeira

Cambados

Pontevedra

Vigo

A Guardia

Durante este periodo pasei a formar parte do movemento galeguista e relacioneime com Castelao, Villar Ponte, Rafael Dieste, Losada Diéguez





Em 1921, ao rematar a carreira, véxome obrigado a ir a África a participar na Guerra. Son repatriado por problemas de saúde en 1922



Mano Quintana



CASA DA SERRA DE QUEIXA ONDE ESTIVO DESTERRADO



Polas miñas ideas e artigos fun detido dúas veces e desterrado a Verín, Castro Caldelas, A Pobra de Trives e Requeixo Tamén o fun a Badajoz





Durante o desterro coñecín a miña dona Pilar, casei e en 1940 nace o meu fillo Alfonso




Mano Gubernand

ESTATUTO DE GALICIA
CON
DIGNA REGIÓN DE ESTADOS
CONVENCION DE
LEIS GALICIAS


**VOTAR O ESTATUTO
E VOTAR PORQUE
NOS GOBERNEMOS CON
LEISES GALICIAS**

Fun presidente do Grupo Autonomista Galego, Secretario do Partido Galeguista e participei no redacción do Estatuto de 1936





Escribin artigos xomalísticos, ensaios, poesias, sobre temas pesqueiros e tamén narrativa con Soldado da Morte (1921)



En ensaios, entre outras, Galicia como tarefa, A marginación de Galicia, Galicia lavra a súa imaxe, A anunciación de Valle-Inclán ...

Escribin artigos nos xomais Galicia, do que fun director, El pueblo Gallego, Faro de Vigo, Gaceta de Galicia, La Noche e tamén dirixin Industrias Pesqueras.

En poesía escribin, entre outras, Pranto Matricial, Sementeira do Vento, Cen chaves de Sombra




Formei para da Xeración poética do 1925 e fun elexido membro da Real Academia da Lingua e a Academia Galega das Ciencias en 1964



Mano Quintana





No período da transición democrática española formei parte da Xunta Democrática, Plataforma dos Dez e fun elexido Senador en 1977 por Pontevedra





A súa obra, (cont.)



Ando, como sabes, as voltas coa biografía de Castelao. Primeiramente o plan era una ampliación do ensaio xa publicado en varias localidades "Castelao con Pontevedra ao fondo". Metido en fariña estou a ver que, se aínda teño forzas, terei que facer una biografía, e non un anaco de biografía.

Valentín Paz-Andrade



• Eu son un desgraciado por pagar tanta contribución.
• Mais desgraciado son eu por non pagar ningunha.



Resposta, nunha entrevista co xornalista Tucko Calvo en 1952, á pregunta en que medida ten que adoptar o galego a ortografía, sintaxe e fonética do portugués?

Postulo que o galego, mesmo gramatical canto lexicoloxicamente recorra ao portugués. Mais non hei dicir que chegue a identidade coa ramada sobranceira da mesma lingua. O fundamental é que todos os membros da comunidade teñan un instrumento co cal os seus practicantes se entendan. Algo que, ao longo do proceso histórico, nunca se perdeu. Sempre un preto de Mozambique, un bugre de Corumbá, ou unha variña. Peniche se entenderon cun mariñeiro de Corrubedo, un montañés de Queixa ou unha peixeira do Berbés.





Carta a Julio Luna Sauvat 1962, sobre o funcionamento de Pescanova nos seus comezos (Tradución).

Temos fe na audaz empresa. Están pescando xa catro barcos. Dous – Lemos e Doncos – están en ruta a Sudamérica. Baixarán de seguro ata a altura de “Mar de Plata” ou máis. Os outros – Andrade e Pambre – volven estes días de Sudamérica cheos de pescada. Por certo que esta é a especie de maior valor biolóxico, tal como pensan os técnicos da Confe-






AGORA UNHA PEQUENA
HOMENAXE A
CASTELAO, MESTRE E
AMIGO




Wpa Guband



—¿Por qué non lle das de comer ó can?
Para o que traballa...
—Pois entón. ¿Por qué non o matas?
Para o que come...



OUTRA




GALEGA

Os que mallan nas bestas non saben mallar nos caciques. E así anda todo.





Aprende, Xan



-Eu son Xan, o que votou por vostede
-¡Ak!... ¡Si! ¡Caramba! Si desexa algo vólva mañana.



-A nosa Terra non é nota, rapaces.





AS NOSAS COPLAS

Ourense ten unha festa,
que é moi especial,
no día dos Maios
pasámolo fenomenal.

Os Maios bailamos,
as coplas cantamos,
e cando rematamos
ao río xa os tiramos.

Os profes da escola,
contra a nosa opinión,
poñen moitos deberes
e exames a mogollón.

Tamén é moi certo
que nos levan de excursión.
Pasámolo moi ben,
vendo o Rei León.

Fuxide elefantes,
escapade osiños,
ven o rei de España
cazar animalaiños.

Ángela-Carmen del Canto Soláns



Coas armas non se xoga
para non meter a pata,
como o Froilán
que furou unha alpargata.

O xenro do noso rei
é un grande pillín,
din que colleu diñeiro
por chamarse Urdangarín.

Tanto gastaron
os nosos gobernantes
que xa non hai diñeiro
tanto coma antes.

Con esto da crise
todo é recortar,
déixense de lérias,
queremos traballar.

Bailade, nenos e nenas,
aproveitade este ano,
con esto da crise
ao mellor xa non hai máis Maios.

Ángela-Carmen del Canto Soláns 5ºA



*Comezamos novo mes
con moi mal tempo,
no mesmo estado
cos nosos petos*

*Na tele e nos xornais
só se poden escoitar
tantos recortes
do goberno popular*

*A sanidade está fatal
pois hai que mencionar
o grande luxo
que é agora enfermar*

*O paro vai aumentando
case non hai cartos
mentres o rei Xoan Carlos
de caza anda disfrutando*

*Esperemos que,co mal tempo
marche tamén a crise
aínda que iríamos mellor
se a Merkel menos pedise*

Antía Gómez López 6º B



Dylan González 6º B

**Xa chegaron os Maios
é todo diversión,
cás cousas que imos contar
vaste rir un montón.**

**Os nenos de 6º B,
as horas imos contando,
porque a nosa excursión,
de seguido está chegando.**

**Estamos ledos por ir,
con todos nosos amigos,
a os pobres dos nosos pais,
quédanlle os petos vacíos.**

**A ver se os poden encher,
Porque por aí dise,
que hai un tal Rajoy,
que nos vai sacar da crise.**

**Ainda que non sei se é certo,
Porque no telexornal,
día tras día escoitamos,
ca cousa pinta moi mal.**

**Cando cantemos as coplas,
dos s Maios do ano que ven,
Queremos poder dicir,
que o país xa están moi ben.**



Imos coñecer mellor Ourense

O Ribeiro

O Ribeiro prodúcese na zona oeste da provincia de Ourense, extendéndose por Ribadavia, Arnoia, Castelo do Miño, Boboás, Ourense Toén e San Amaro. Ental unhas 3.000 hectáreas.

Tres ríos regan os viños onde se produce o Ribeiro: Miño, Avia, Arnoia.

Os solos son bastantes frescos e de profundidade media.

Os viños de Ribeiro fanse con diferentes tipos de uvas polo que son distintos uns de outros. Entre as variedades de uva están: a treixadura, a Torontán e as uvas brancas, como godello, Loureiro, albariño xerez e encabezo.

No caso dos viños tintos elaboráronse con variedades de uvas: caíño souzón e brancellao.



MARTÍN LÓPEZ
SEOANE 5º A

A Lagoa de Antela

A lenda conta que antigamente, no lugar que hoxe ocupa esta lagoa, había unha cidade chamada Antioquia, chamada así porque os seus veciños carecían de calquera outra cidade.

A lenda narra que Deus quíxo castigar, pero Xesús, propoñendo redimir os máis xustos baixando a cidade en forma de mendigo. Por morre todos os homes, pero a muller se quedou viva.

Xa de volta, alixado e mentres estaba cruzando unha carballiña, viu unha casa habitada por unha muller arcaica a que lle pedi esmola. A muller ofrecelle unha anca de leite, un anco de bica e cebreiro para pasala noite.

A mañá seguinte, Xesús mostroulle a arcaica a que fora da cidade de Antioquia. A muller quedou admirada ao ver que a cidade desaparecera e que no seu lugar había unha lagoa.

Ninguen se salvou, agás ela.



Nas mañanciras de San Xoán, co primeiro raio de Sol aínda se pode ver no fondo o compañeiro de igrexa.

Ena noiteboa, éis dove en punto, véese o canto dos galos.

LUCÍA LORENZO
RODRÍGUEZ 5º B



Afiador e paragueiro

O oficio ambalado por excelencia é o de afiador, o cal é moi característico de Ourense, provincia coñecida como terra de chispas, xa que o oficio consistía en afiar couteiros a navallas así sendo se facía, saltaban chispas no trabo, que era onde se afiaba. En Noxeira de Remuín, había dous talleres que fabricaban rotes de afiar, e que converteron a este concello nun dos centros principais deste oficio.

Os afiadores, antigamente, ían polo mundo, polos lugares máis afastados da súa aldea ofrecendo os seus servizos.

Temos eles crearon unha linguaxe peculiar e propia, o chamado "bardalato", que fortaleceu a comunidade de oficio.

Tambén usaban un cabido, xermeiro feito de madeira de buxo, que lle servía de apoio ao sinal para que a xante se aproximara a afiar os couteiros, navallas, etc.

Este instrumento ía unido ó coñecido prognó: "Afiador e paragueiro...!".



MARÍA GIL
PARENTE 5º B

PONTE DO MILENIO

Ourense é denominada a cidade galega das pontes.


Sobre o río Miño levántase: a Ponte Romana, o Viaducto, a Ponte Nova, a Ponte Novísima e a Ponte do Milenio.

A Ponte do Milenio é a quinta ponte da cidade, preside o Ourense do século XXI, e faíno en calidade de abondeirado da modernidade, calidade e estética vanguardista.

Foi inaugurado o 1 de setembro de 2001.

Está situado a 450 m da Ponte Romana, augas abaixo.

A Ponte do Milenio foi que a Ponte Romana poida ser peatonal, quitando tráfico á Ponte Nova e desviando os vehículos que entran pola Ponte Novísima e pola mesma Ponte Nova.



É obra do arquitecto Álvaro Varela. Na súa construción empregouse madeira, formigón e aceiro. A Ponte do Milenio é un auténtico xigante, mide 275 m de lonxitude e 23 m de ancho, a pasarela ten 100 brazos e a súa altura é de 22 m.

IVÁN GONZÁLEZ
CORTEGOSO 5º B



A Catedral

A adscrición a San Martiño, arranca dunha lenda que conta que no século VI, Carriarico, monarca suavo con corte en Ourense, ó curarse o seu fillo pola intercesión milagrosa do santo, que será o cristianismo xunto con toda a súa corte e mandou construír unha basílica dedicada ó santo, que será o emporamento da actual catedral.

A catedral de Ourense é un claro exemplo do románico de transición (s. XII- XIII) con notables influencias da catedral de Santiago, sendo a data da consagración o ano 1189.

No s. XV foi fortaleza, resistindo asedios en difíciles momentos da historia ourensá. Tem planta de cruz latina con tres naves.

Na base do templo está o Pórtico do Paraíso do s. XIII, coa representación do xuízo final e Apocalipse, a imitación do Pórtico da Gloria da catedral compostelá; aínda que conserva maior cantidade de policromía que aquela, produto dun repintado do s. XVII que respectaba a primitiva pintura romántica.

Outras obras destacadas desta catedral son: o retablo maior, feito por Cornelis de Halanda; a rexeira; o Cristo das Desamparadas ou a capela do Cristo de Ourense.

As fachadas divídense en dous corpos. A principal ten a portada na parte baixa e un roseira na parte superior.



SOFÍA FERNÁNDEZ
CARBONERO 5º B





Máis contos, historias, poesías. . . .

Canção do Río

Río que vas á fonte
beber aos rapaces deixas
e mais ti que estás soíño
nunca de nada te queixas.

Pobriño, pobriño,
sempre vai soíño
pobriño, pobriño,
velaqui o río Miño.

Das de beber ás fontes,
choras e mollas a area
sin que ninguén pense
que soíño estás na Terra.

Pobriño, pobriño,
sempre vai soíño
pobriño, pobriño,
velaqui o río Miño.

6.ª A
Oscar O.P.



A orixe do mar

Conta unha lenda que ao principio dos tempos, unha rapaza estaba namorada, en segredo, da lúa. Cada noite saía da casa para contemplala. Seu pai odiaba moitísimo á lúa.

Un día de lúa chea o pai enterouse do amor segredo e provocou un incendio moi grande, que se estendeu por toda a montaña; así, haberá tanta luz que a súa filla non podería ver o seu amor. Tamén decidiu que sacrificaría á filla.

O día seguinte, cedo, xa estaba a rapaza tumbada na fría rocha da praza do poboado e o seu pai cunha espada ben afiada. Pero xusto antes do sacrificio a rapaza empezou a chorar e chorar, máis e máis, durante minutos, horas... As lágras encheron a praza e arrolgaron ao seu pai. El tragou moita auga; esa auga limpouno e converteuno nunha boa persoa.

O choro parou e o seu pai pediulle perdón á súa filla. As lágras, cunha gran riada, apagaron o incendio, depositáronse nas zonas máis baixas do terreo de todo o mundo e formaron os mares que coñecemos.

Pablo García Costas
6ºA



ADEUS

Galicia é a miña terra
na que moito se berra,
Ourense é a miña cidade
e non minto, quéroa de verdade.

Marcho a outro lugar,
aínda que non me quero separar,
marcho a outro lugar
onde te vou extrañar.

Adeus á boa carne e ás verduras
e non che conto ás ricas luras,
adeus ao peixe e á froita
onde aquí hai moita.

Marcho a outro lugar,
aínda que non me quero separar,
marcho a outro lugar,
onde te vou extrañar.



Álvares Vello

6º A



UNHA RAPAZA MISTERIOSA

Flavia era unha rapaza de 12 anos, que ía a un instituto normal, nun barrio normal, nunha cidade normal. Todo na súa vida era bastante normal. A verdade é que era unha nena feliz, tiña todo o que necesitaba, e máis; tiña unha irmá coa que se levaba moi ben, aínda que ás veces pelexaban por calquera cousa, pero non podían estar a unha sen a outra.

É que máis valoraba na súa vida era a amizade, a verdadeira amizade. No cole non tivera moita sorte, pasarao ben, pero nunca lle gustaran as mandonas. Jardara moito tempo en decidir o que lle conviña pero agora era diferente. Tiña catro amigas coas que o pasaba de marabilla, levábanse moi ben e pasábano xenial xuntas. Gustáballes moito a aventura e agora estaban ante algo misteriosísimo. Trátabase de Moldavia, unha compañeira nova que chegara ao seu instituto. Tiña o pelo moi negro e moi longo, os ollos negros e a pel moi branca. Fra un pouco tenebrosa, sobre todo a súa forma de vestir, que daba un pouco de medo e elas estaban convencidas de que había algo escuro nela.

Un día ao saír do instituto quedáronse escondidas para vixiala, seguirona e víron que se metía nunha casa abandonada da rúa Danvil, unha rúa pola que non as deixaban pasar os seus pais porque era moi solitaria. Fra un pouco tarde e estaba escurecendo e aínda que estaban mortas de medo, Liesl unha das amigas non quería marcharse de alí sen descubrir o misterio de Moldavia. Entraron pola porta de atrás da casa e oíron uns ruidos moi estraños. Oíanse voces e palabras que non se entendían. Flavia quería marchar de alí canto antes, así que foi ata a porta pero tropezou cunha escoba, caeu e encontrounas. Moldavia quedou moi sorprendida ao vela, pero como viu que estaban tan asustadas invitounas a pasar ao salón para merendar. De pronto víron unha sombra dela cun coitelo acercándose polo corredor e empezaron a berrar e correr por toda a casa como tolas. Cando Moldavia chegou ao salón chamounas dicíndolles que a merenda xa estaba preparada. Déronse conta de que non lles quería facer nada malo. Pero elas seguían pensando nas voces que oíran. Como lle soou o teléfono a Brigitta tiveron que marchar porque a súa nai estaba un pouco enfadada por non avisar de que ía tardar.

Ao día seguinte, en clase de teatro, o profe mandoulle preparan unha obra coa súa amiga misteriosa. A elas non se lle daba moi ben esa asignatura pero Moldavia deulles unha sorpresa porque lles contou que era actriz, e podía axudalas. Agora xa entendían o que pasaba, as voces eran dunha gravación que ela tiña para preparar a súa próxima película "Unha vampiresa terrorífica". Moldavia era unha rapaza igual ca elas pero famosa no seu país, Transilvania. Tiveran moita sorte, porque Moldavia invitounas ao estreo da súa película e tamén as festas, e poderían coñecer xente famosa. Iso era unha gran aventura.



A MOURA DE ARNOIA

Nese penedo que hai no medio do río, un pouco máis abaixo da primeira ponte, estaba un día unha moura peiteando unha rapaza cun peite de ouro. Pasaron por alí uns segadores e a moura preguntoulles qué camiño levaban. Como os segadores lle dixeran que ían para Castela, a moura díxolles:

— Pois eu teño alí uns parentes e agradecereivos que lles levedes este regalo.

Así o fixeron os segadores e, cando o entregaron, o que o colleu, tan pronto lle botou a man, estoupou e quedou esnaquizado. Cando volveron para Galicia, a familia do que morreu deu-lles ós segadores unha faixa de seda para un meniño co encargo de que lla entregase á moura de Arnoia para que esta lla puxese ó seu fillo, e ós que a traían regaláronlles unha madeixa de seda moi pequeniña, dicíndolles que aquela madeixa non se acababa nunca, e que lle encargasen moito á súa muller que, cando tecesen teas, ninguén as vira, porque senón acabábase no mesmo momento. Chegaron a Arnoia os segadores e entregáronlle a faixa á moura. Esta colleuna e púxolla a unha cerdeira que estaba chea de cereixas e, naque mesmo momento, a cerdeira estoupou.

O segador que traía a madeixa entregoulla á súa muller, encargándolle moito que ninguén a vise tecer. A muller púxose a facer varas e máis varas de tea e a madeixa nunca se acababa: mais un día, estando na cociña tecendo, entrou unha veciña, viu-na e, de repente, acabouse a madeixa.

EMILIO PARADELA 6º C



O
R
A
P
O
S
O



E

O


C
A
Z
A
D
O
R



Um día un cazador decidiu saír de casa. Nesa época había moitas presas. O cazador voltaría cara a casa cun saco de collos e viu un raposo. El decidiu tamén cazalo. Cando estaba a piques de disparar miroulle e díxolle:
- Podendo deixarme en paz decidiches cazarme. Se me deixaras en paz non che comería os collos.

O cazador mirou cara o saco que estaba vacía.

Non arriesgues unha recompensa por ter aínda máis.



Álvoro
Corral
Cid



Estivo con nos....

OVZES OZ OAMFAS O

ALINE

NO C.E.I.P. DE

PRÁCTICAS

OURENSE

DÍA 22 DE MAIO

ALUMNOS/AS 6º PRIMARIA



Velaquí algúns dos meus libros

